

COEDUCAR PARA TRANSFORMAR A VIDA

Unha vez máis, este 8 de marzo o feminismo bailou as rúas esixindo unha nova sociedade. As demandas formuladas, sustentadas en décadas de estudos de xénero e mobilización social, representan un desafío destemido a ese matrimonio de conveniencia que supón a alianza entre o patriarcado e o capitalismo. A capacidade das propostas feministas para facer tremer os alicerces mesmos deste sistema de explotación non só "do home polo home", senón tamén e sobre todo, das mulleres polos homes, pode medirse facilmente observando a virulencia da reacción que provocan entre os defensores do *status quo*.

Nova Escola Galega aposta desde as súas orixes pola coeducación como ferramenta imprescindible de transformación social. Nestes 36 anos que vimos de celebrar, temos asistido a cambios radicais na escola e na sociedade -a miúdo non na dirección por nós desexada- que nos levan a renovar unha vez máis o noso compromiso cunha transformación da escola que poña a vida no centro da práctica educativa. Unha vida que desexamos para o noso alumnado libre dos estereotipos de xénero que mancan e limitan a mulleres e homes; unha escola que queremos que teña a educación emocional na cerna de todas as aprendizaxes; unha sociedade onde o benestar subxectivo e colectivo sexan unha prioridade.

Queremos, xa que logo, contribuír a construír -esixindo medios, proponendo ideas, denunciando prácticas...- unha escola que:

- cuestione as asimetrías de poder entre mulleres e homes en todos os ámbitos.
- supere o modelo masculino como categoría universal.
- corrixa as prácticas sexistas nas aulas, nos corredores, nos patios de recreo, nas salas de profesorado...
- dote as nenas de referentes femininos apoderados cos que se identificar.
- ofrezca aos nenos modelos de masculinidade alternativos á hexemónica.
- ..sexa, en definitiva, un espazo de liberdade desde o que transformar as subxectividade de todas as persoas que se acheguen a ela.

Porque, como dixo Adrienne Rich, *debemos afacernos a que temos que inventar o que desexamos*, desde NEG queremos convidar a toda a comunidade educativa a participar na creación desta nova escola galega e universal desde a que inventar unha sociedade que permita a todas as persoas construír a súa identidade e vivir a súa vida desde a liberdade máis radical. Queremos facer un chamamento especial aos profesores varóns para que asuman activamente un compromiso explícito coa igualdade entre homes e mulleres que permita superar a "fenda de xénero coeducativa" presente nas escolas, e que deixa aos alumnos sen modelos masculinos igualitarios cos que identificar.

Demandamos, finalmente, da Consellaría, que converta a coeducación no motor do cambio social esixido onte de xeito clamoroso nas rúas de todo o país.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2019.